



O Curso Avanzado de Especialización Orquestral basea o seu interese nas posibilidades que a RFG pode ofrecer como recurso formativo a aqueles titulados que, posuíndo a capacitación e formación mínima requirida, poden completar a súa formación como músicos de orquestra.

O curso está dirixido a músicos instrumentistas con titulación superior que teñan como meta adquirir a formación e a experiencia necesaria que lles facilite a integración nunha orquestra profesional.



ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS



ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS
CONSORCIO DE SANTIAGO

CURSO AVANZADO DE ESPECIALIZACIÓN ORQUESTRAL 2019-2020

Título Propio de Posgrao
da Universidade de
Santiago de Compostela

Director

Paul Daniel

Director Asociado

Maximino Zumalave

Xefe de Estudos

Enrique Meyer Pleite



BASES DA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA 2019

O Decreto 270/1997 do 18 de setembro, polo que se crea a Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia (DOG nº 91, do 3 de outubro de 1997), contempla, para o cumprimento dos seus obxectivos, colaborar coas universidades para o desenvolvemento de cursos de posgrao dentro do programa de curso de posgrao daquelas, para o que deberán subscribir o correspondente convenio de colaboración.

No convenio subscrito entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela para a vinculación da EAEM á USC establécese que a USC recoñece como título propio os estudos de posgrao do Curso Avanzado de Especialización Orquestral que conducen á obtención do Gran Diploma de Especialización Orquestral para un total de 60 créditos ECTS (1.500 horas).

Con esta finalidade, o Consorcio de Santiago convoca probas para a admisión e selección de alumnos para o Curso Avanzado de Especialización Orquestral da promoción 2019-2020 e conforme coas seguintes bases.

BASES

1. OBXECTO

En consonancia co Decreto 270/1997 do 18 de setembro, polo que se crea a Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia -en diante EAEM-, convócase unha proba de acceso extraordinaria do Curso Avanzado de Especialización Orquestral para cubrir aquelas prazas que quedaron vacantes na convocatoria ordinaria do 4, 5 e 6 de xullo de 2019:

Violín	4
Viola	1
Trompa	1
Trompeta	1

2. BENEFICIARIOS

Instrumentistas das especialidades ofertadas en posesión de título superior.

3. REQUISITOS

- Idade: poderán inscribirse aqueles candidatos nados a partir do **1/10/89**.
- Estar en posesión do título de Grao Superior ou certificación de estudos que corresponda e que acredite a finalización dos estudos musicais ou ben que se atope en trámites de finalización. Neste último caso, o alumno deberá posuír a condición de titulado superior antes do **31 de decembro de 2019**.
- Os candidatos que fosen seleccionados para realizar o Curso Avanzado de Especialización Orquestral que non foren nacionais dalgún país membro da Unión Europea, deberán, para garantir a regularidade da súa situación, estar en posesión dun visado de estancia para estudante, ou ben ser titulares dunha autorización de residencia en España. O devandito documento debe ser presentado alomenos 10 días hábiles antes do comezo do curso.

Así mesmo, os candidatos seleccionados pertencentes á Unión Europea tamén deberán acreditar a súa inscrición no Rexistro Central de Etranxeiros, cunha antelación de, alomenos, 10 días hábiles antes do comezo do curso. En caso de non entregar a documentación solicitada no prazo establecido, anularase a matrícula correspondente.

4. DURACIÓN DO CURSO

O programa terá unha duración total dun ano académico, desde o **1 de outubro de 2019** ata o **30 de xuño de 2020**, segundo o calendario que se estableza por parte da Dirección da Escola.

5. INSCRICIÓN

As solicitudes da presente convocatoria deberán presentarse ata o día **12 de setembro de 2019** a través da páxina web **www.eaem.es**.

As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

Documentación acreditativa:

- Fotocopia do título de Grao Superior ou certificación de estudos que corresponda e que acredite a finalización dos estudos musicais ou ben que se atope en trámites de finalización (neste suposto achegarase declaración por escrito da súa situación).
- Currículo cunha extensión máxima de dous folios.

Documentación para as probas:

- Vídeo das obras ou movementos requiridos nos contidos das probas. A ligazón do vídeo (youtube) deberá enviarse por correo electrónico a **eaem@rfgalicia.org**, co **nome e especialidade do candidato**.
- Unicamente se enviará a parte de piano para o pianista acompañante da obra de libre elección, no caso de que a tivese, para a especialidade de **violín**.

Só se solicitará a documentación debidamente compulsada aos candidatos que fosen seleccionados.

Non poderán inscribirse os alumnos que realizasen estudos con anterioridade noutras edicións do Curso Avanzado de Especialización Orquestral.

6. PROBAS

Preselección

Realizarase unha selección previa onde se valorarán as calidades interpretativas dos aspirantes a través do visionado do vídeo.

A selección dos candidatos a través dos visionados terá carácter inapelable.

Unha vez rematado o prazo de inscrición e visionados os vídeos, publicarase unha lista, na páxina web, cos preseleccionados que realizarán a proba final así como as datas e horario das mesmas.

Proba final

Realizarase unha audición onde o candidato deberá mostrar as súas habilidades técnico-interpretativas para as súas prácticas coa Real Filharmonía de Galicia dentro do programa de estudos do Curso.

Datas da proba final

As probas terán lugar o **20 de setembro de 2019** na sede da Escola de Altos Estudos Musicais (Finca Vista Alegre. Rúa das Salvadas, s/n. Santiago).

Os aspirantes deberán estar presentes no lugar da proba media hora antes do inicio da mesma co seu DNI ou NIF.

A Escola disporá de pianistas acompañantes para quen así o solicite no boletín de inscrición.

7. CONTIDOS DAS PROBAS

Os aspirantes poderán coñecer o contido das probas da preselección e da proba final no anexo das presentes bases e tamén na páxina web da Escola (**www.eaem.es**).

8. TRIBUNAIS

Composición dos tribunais da proba final:

- Membros singulares: o director titular, o director asociado e o xefe de estudos, que fará as veces de secretario.
- Vento: dous profesores de vento metal en cada unha das especialidades de vento metal.
- Corda: os profesores de cada especialidade.

A selección dos candidatos por parte do tribunal será inapelable.

A composición dos tribunais darase a coñecer no momento de publicárense as listas de aspirantes admitidos. Cada tribunal quedará validamente constituído coa asistencia de como mínimo a metade máis un dos seus membros e a asistencia do secretario.

Cualificación da proba final:

Os membros do tribunal puntuarán a cada aspirante de 0 a 10, e a suma total será dividida polo número dos mesmos, sendo o resultado final a puntuación definitiva.

En caso de empate entre dous ou máis candidatos, o tribunal poderá solicitar aos candidatos a interpretación de fragmentos a primeira vista e/ou unha entrevista.

A selección dos candidatos terá carácter inapelable.

Aqueles que, reunindo os requisitos para formar parte do alumnado da Escola non consigan a puntuación necesaria para seren alumnos activos e obtendo a puntuación mínima requirida, pasarán a integrar unha lista de espera, que terá un período de validez do ano académico obxecto da convocatoria.

9. MATRÍCULA

Dereitos de matrícula:

A condición de alumno do Curso Avanzado de Especialización Orquestral implica a realización do pago dos custos da matrícula por un importe de 701 euros, que inclúe seguro de accidentes obrigatorio.

Os alumnos da EAEM serán considerados alumnos da USC aos efectos de poder acceder en igualdade de condicións cos demais alumnos da USC aos servizos dispoñibles que a Institución presta, singularmente aos académicos, os informáticos, os culturais, os deportivos, os de apoio económico e outros que poidan xurdir durante a vixencia do convenio en réxime de reciprocidade que as partes acorden. Aos efectos de facilitar a acreditación do alumnado, habilitarase un documento identificativo como alumnos da USC que lles permita acceder a estes servizos, así como aos ofertados pola EAEM.

Formalización da matrícula:

Unha vez finalizadas as probas e publicadas os resultados destas, o candidato seleccionado poderá formalizar a matrícula do curso do **23 ao 27 de setembro** de 2019, abonando os dereitos correspondentes que figuran na convocatoria no prazo que se estableza. No caso de que, unha vez rematado o prazo establecido, non se cubrisen as prazas, farase pública a relación de candidatos en lista de espera, notificándoselles, por orde de puntuación, para que procedan a formalizar a matrícula.

10. PROGRAMA DE BOLSAS

Todos os alumnos disporán dunha bolsa por unha cantidade de 300 euros ao mes, de outubro de 2019 a xuño de 2020, ámbolos dous incluídos. Os alumnos, como membros de pleno dereito da USC, terán posibilidade de aloxamento na Residencia Universitaria do Burgo das Nacións (a 180 metros da Escola).

11. PLAN DE ESTUDOS

Os alumnos seleccionados como activos terán dereito a recibir clases individuais, clases de música de cámara, de práctica orquestral, clases teóricas, maxistrais e cursos a cargo do profesorado estable ou convidado da Escola. O Plan de Estudos pódese descargar na web www.eaem.es.

12. DEREITOS E OBRIGAS DO ALUMNADO

A aceptación da praza supón o beneficio dos seguintes dereitos e o cumprimento dos seguintes deberes:

Dereitos:

- A recibir clases individuais de práctica orquestral, de cámara e clases teórico-prácticas cuxa periodicidade e horarios se establecen ao principio do curso.
- A ter asegurados os seus instrumentos durante o período académico.

Deberes:

- Asistir ás clases e aos ensaios individuais e colectivos que figuren nos plans de estudos, cumprindo o horario e calendario fixados pola Dirección da Escola.
- Formar parte das agrupacións que na Escola lle asigne.
- Participar no programa de actuacións públicas estipulado, renunciando a calquera contraprestación económica, dereitos de gravación e retransmisión de son ou imaxe dos actos e actividades da Escola, mesmo para a súa comercialización. A Dirección da Escola seleccionará aos alumnos que considere oportunos para o desenvolvemento do programa de actuacións públicas.

- Comportarse coa disciplina e corrección debidas.
- A aceptación de todos os demais deberes que figuran no Regulamento de Réxime Interno (RRI) da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia.

13. REQUISITOS PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO

- Ter abonado o importe das taxas correspondentes para a expedición deste.
- Ter superado con éxito os requisitos académicos requiridos.
- Asistir a un mínimo do 80% en cada unha das materias que conforman o plan de estudos.

14. INCUMPRIMENTOS

- O incumprimento dos deberes reflectidos no RRI ou a non superación dos créditos establecidos poderá supor a anulación total ou parcial da bolsa mensual do alumno.
- A renuncia por parte do interesado ou a suspensión definitiva da condición de alumno poderá supor a devolución da bolsa percibida desde o 1 de outubro de 2019.
- Aqueles alumnos que se matricularon en trámite de finalización dos seus estudos para a obtención do título requirido e non o obteñan na data establecida nas bases da presente convocatoria, deberán devolver a bolsa percibida desde o 1 de outubro de 2019.

15. PERDA DA CONDICIÓN DE ALUMNO

Será causa de suspensión definitiva da condición de alumno, segundo os casos:

- A renuncia por parte do interesado.
- O incumprimento dos deberes anteriormente establecidos e reflectidos no Regulamento de Réxime Interno da EAEM.
- O incumprimento dos requisitos establecidos na base 3 da presente convocatoria.

A resolución de perda de condición de alumno será adoptada pola Comisión Técnica da EAEM.

CONTIDO DAS PROBAS DE ACCESO

TROMPA

1. VÍDEO

Obra ou movemento de libre elección ou calquera das obras que se solicitan para as probas presenciais.

2. PROBAS PRESENCIAIS

- Primeiro e segundo movemento con cadencia a elixir entre os Concertos nº 2, 3 e 4 de W. A. Mozart
- Primeiro movemento do Concerto nº 1 de R. Strauss

Extractos:

- L. v. Beethoven: Sinfonía nº 7, 1º Trompa (1º movemento)
- L. v. Beethoven: Sinfonía nº 9, 4ª Trompa (3º movemento)
- J. Brahms: Sinfonía nº 2, 1º Trompa (1º e 2º movemento)
- P. Tchaikovsky: Sinfonía nº 5, 1º Trompa (2º movemento)
- R. Strauss: Ein Heldenleben, 1º Trompa (Principio, 18 primeiros compases)
- F. Schubert: Sinfonía nº 8 "A Grande", 1º Trompa (Principio, 8 primeiros compases)

As pasaxes extráense do libro *Orchester Probenspiel* (Editorial Peters).

TROMPETA

1. VÍDEO

J. Haydn, Concerto en Mi bemol Maior (1º e 2º movementos)

2. PROBAS PRESENCIAIS

- Concerto en Mi b, J. Haydn (primeiro e segundo movementos)
- Unha obra para trompeta soa a escoller das seguintes:
 - 36 Estudos, T. Charlier
 - Señales Trumpet, J. González
 - Cascades, A. Vizzutti
 - Parable XIV, V. Persichetti
 - Postcards, A. Plog
 - Solus, S. Friedman
 - Sonatina, H. W. Henze
 - Variation movements, R. Henderson

Extractos:

- J. S. Bach, Misa en si menor
- G. Bizet, Carmen
- F. Buide, Paisaxe suspendida
- G. Mahler, Sinfonía nº 5
- M. Moussorgsky, Cadros dunha exposición
- I. Stravinsky, Petrushka

As trompetas a utilizar na interpretación do concerto e os extractos orquestrais queda a libre elección dos candidatos (os extractos orquestrais descárganse na web).



VIOLÍN

1. VÍDEO

Obra ou movemento de libre elección ou calquera das obras que se solicitan para as probas presenciais.

2. PROBAS PRESENCIAIS

- Primeiro e Segundo movemento (con cadencias) dun concerto de Mozart.
- Unha obra de libre elección.

Extractos:

- R. Strauss, Don Juan, Violín I (p. 61 + 62 + 63)
- A. Bruckner, Sinfonía núm. 9: 3º movemento Violín II (p. 27 + 28)
- J. Strauss, Die Fledermaus Overture: Violín I (p. 58 + 59 + 60)
- I. Stravinsky, "Le Sacre du Printemps": Violín I (p. 67)

As pasaxes que hai que tocar son do libro *Orchester Probenspiel* (volume 2) publicado por Schott (ED 7851) nas páxinas mencionadas.



VIOLA

1. VÍDEO

Primeiro movement sen cadencia do concerto en Re para viola de Stamitz ou de Hoffmeister.

2. PROBAS PRESENCIAIS

- Primeiro e Segundo movemento (1º con cadencia) do concerto en Re para viola de Stamitz ou de Hoffmeister
- Primeiro e segundo movemento a elixir entre as tres obras seguintes:
 - Concerto para Viola de B. Bartók
 - Concerto para Viola de W. Walton
 - Concerto Schwanendreher de P. Hindemith

Extractos:

- B. Smetana: Abertura de A noiva vendida
- A. Bruckner: Sinfonía nº 4: 2º movemento (compases 51-83)





www.eaem.es



CONSORCIO DE
SANTIAGO



GOBIERNO
DE ESPAÑA



CONCELLO DE
SANTIAGO



XUNTA
DE GALICIA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA